Habilitar o museo: mediación, accesibilidade cognitiva e prácticas inclusivas

Claves para unha experiencia accesible, segura e enriquecedora

EMPOWER

EMPOWER

© 2026 EMPOWER

Esta publicación está baixo licenza Creative Commons Attribution-NonCommercial-NoDerivatives 4.0 International (CC BY-NC-ND 4.0).

Equipo redactor: EMPOWER

Actuación subvencionada polo Ministerio de Cultura

MINISTERIO DE CULTURA

PLAN DE DERECHOS CULTURALES

Agradecementos

Antes de adentrármonos nesta guía profesional, EMPOWER desexa expresarlle un fondo agradecemento ao noso equipo de mediación, así como ao de cada institución que forma parte da Rede EMPOWER. Son quen, día a día, sosteñen este programa con sensibilidade e entrega, poñendo a súa enerxía e o seu coidado ao servizo das familias. O traballo que realizan en cada sesión implica moitas horas de dedicación, escoita activa e deseño consciente.

Este traballo tampouco sería posible sen o compromiso de todas as institucións que forman parte da rede. Valoramos especialmente o tempo, a dedicación e a implicación que cada unha delas destina a construír espazos accesibles e dos que poidan gozar as persoas con autismo e as súas familias.

Cremos firmemente no valor do traballo colaborativo e en rede. Por iso, agardamos seguir fortalecendo estes vínculos e continuar incorporando, ano tras ano, novas institucións comprometidas coa xeración dun cambio real e dun impacto positivo na sociedade.

Por último, queremos agradecer ás familias que, ano tras ano, forman parte do programa *Empower Parents.* Desde o primeiro momento, confían nas nosas propostas e comprométense activamente con construír as experiencias máis axeitadas para os seus fillos e as súas fillas. Crear espazos de encontro, fortalecer o vínculo entre familias e construír redes de apoio onde se poidan sentir comprendidas e acompañadas é, sen dúbida, unha das achegas máis valiosas que nacen deste programa. Por elas e xunto a elas, EMPOWER cobra todo o seu sentido e valor.

Marco do proxecto

En 2025, EMPOWER foi seleccionada na convocatoria de axudas a proxectos culturais con impacto social especial da Dirección Xeral de Dereitos Culturais do Ministerio de Cultura. Este recoñecemento permitiu fortalecer e ampliar a rede territorial da organización, incorporando novas alianzas en Galicia e en Castela e León.

En 2026, Museo de Pontevedra, La Fábrica de Luz. Museo de la Energía e La Térmica Cultural iniciaron o Proxecto de Transferencia para a implementación do programa *Empower Parents* nas súas respectivas institucións, consolidando un proceso de traballo orientado a xerar espazos culturais máis accesibles, comprensibles e participativos.

Desde o inicio do programa Empower Parents en 2013 no Museo ICO, máis de 4700 persoas participaron nas distintas accións desenvolvidas por EMPOWER e máis de 500 profesionais de institucións culturais, educativas e sociais recibiron formación especializada en accesibilidade cultural e acompañamento a persoas con autismo.

Na actualidade, a Rede EMPOWER está integrada por 15 institucións culturais: Museo ICO, Museo Nacional de Ciencias Naturales-CSIC, Real Jardín Botánico-CSIC, Fundación Telefónica, Museo Nacional de Antropología, Museo de América, Casa Natal de Cervantes, Sala de Arte Joven, Sala Alcalá 31, Casa Museo Lope de Vega, Sala Canal de Isabel II, Museo Arqueológico Provincial de Alicante, Museo de Pontevedra, La Fábrica de Luz. Museo de la Energía e La Térmica Cultural.

A experiencia desenvolvida ao longo deste percorrido, xunto co traballo compartido con familias, profesionais e equipos educativos, permitiu sistematizar prácticas, metodoloxías e ferramentas de mediación na presente guía profesional.

EMPOWER continúa traballando na defensa dos dereitos culturais co obxectivo de contribuír a unha sociedade na que a accesibilidade cultural deixe de ser unha excepción e pase a formar parte estrutural das políticas, as prácticas e as experiencias culturais.

Índice

Prólogo — *páxina* 6

Introdución — *páxina.* 7

1. Percorridos en grupo: claves para deseñar experiencias inclusivas — *páxina.* 11

2. Disposición do grupo fronte a unha obra — *páxina.* 14

3. Tempos de atención e pausas — *páxina.* 16

4. Casos prácticos en contextos expositivos complexos — *páxina* 18

5. Cultura do coidado e protocolo de actuación — *páxina* 21

6. Dinámicas de benvida e xestión das esperas — *páxina.* 25

7. Materiais de apoio para equipos de museo — *páxina* 27

8. Glosario básico de termos — *páxina* 31

Conclusión — *páxina* 33

Referencias e fontes — *páxina* 34

Prólogo

Durante anos, o acceso á cultura recoñeceuse como un dereito fundamental e un principio irrenunciable das sociedades democráticas. Non obstante, para moitas persoas –e especialmente para as persoas con autismo e as súas familias– ese dereito non sempre se traduce nunha experiencia real de participación. Con frecuencia, o acceso aos espazos culturais continúa estando limitado, condicionado ou atravesado por barreiras que dificultan a comprensión, a regulación emocional, a orientación ou o vínculo co que as rodea.

Esta guía nace precisamente desa distancia entre o recoñecemento formal do dereito e a experiencia cotiá de quen atopa dificultades para habitar plenamente a cultura.

Ao longo de máis de dúas décadas de traballo en intervención social, mediación cultural e acompañamento a familias, puiden observar como numerosas institucións culturais, mesmo amosando unha clara vontade inclusiva, carecen de ferramentas concretas, metodoloxías estables e marcos de actuación que permitan soster a diversidade de formas de percibir, comprender e relacionarse co mundo. A accesibilidade non pode depender unicamente de iniciativas illadas nin da sensibilidade individual dos equipos; require planificación, estrutura, formación e un compromiso institucional sostido no tempo.

EMPOWER xorde como resposta a esta necesidade. Trátase dun modelo que artella formación, acompañamento e deseño de espazos culturais accesibles desde unha perspectiva sistémica, centrada nas persoas, nos vínculos e na experiencia compartida. O noso enfoque non se limita a adaptar contidos ou incorporar apoios puntuais, senón que propón transformar as condicións de acceso, participación e permanencia na vida cultural.

Esta guía metodolóxica recolle ese percorrido. É o resultado dun proceso desenvolvido xunto a institucións culturais, profesionais, familias e equipos educativos e consolidado a través de experiencias aplicadas en distintos contextos museísticos e culturais. O seu propósito é ofrecer un marco rigoroso, claro e transferible que permita avanzar cara a prácticas culturais máis accesibles, sostibles e coherentes co exercicio efectivo dos dereitos culturais.

Non pretende ofrecer solucións cerradas nin modelos únicos de intervención. Propón, máis ben, criterios, ferramentas e orientacións que axuden ás institucións a revisar as súas prácticas e construír espazos máis comprensibles, acolledores e participativos para todas as persoas. Porque a accesibilidade cognitiva, entendida en profundidade, non constitúe un engadido nin unha medida complementaria: é unha maneira de pensar, deseñar e relacionarse coa cidadanía.

Abrir verdadeiramente a cultura a todas as persoas implica revisar inercias, cuestionar estruturas e asumir unha responsabilidade compartida. Esta guía é, ante todo, unha invitación a formar parte dese proceso.

Laura Donis
Fundadora e directora de EMPOWER

Introdución

A cultura só é un dereito se é accesible. Desde EMPOWER fixémolo posible e queremos compartir como logralo.

A nivel europeo e internacional, diversos estudos estiman que aproximadamente 1 de cada 100 persoas se atopa dentro do espectro autista (Zeidan et al., 2022). Se se toma como referencia a poboación actual de España, isto suporía que máis de 470 000 persoas poderían presentar un diagnóstico de autismo no país (INE, 2024; Federación Autismo Madrid, 2024). Con todo, o impacto do autismo non se limita unicamente ás propias persoas autistas, senón que tamén involucra as súas familias, os seus coidadores e as redes de apoio próximas. Isto implica que millóns de persoas conviven, de xeito directo ou indirecto, coas barreiras sensoriais, a falta de adaptación e as situacións de exclusión que aínda persisten en distintos ámbitos sociais e culturais.

Os museos posúen un gran potencial para o desenvolvemento cultural, emocional e social. Non obstante, cando se fala de públicos con autismo, non abonda con eliminar barreiras físicas. É imprescindible aplicar criterios específicos de accesibilidade cognitiva, sensorial e emocional. Organizar a visita, anticipar os tempos, adaptar a interacción coas obras ou saber como actuar ante unha situación de sobrecarga sensorial son aspectos determinantes para que a experiencia sexa positiva.

EMPOWER nace como unha evolución natural de Empower Parents. O seu propósito é acompañar os museos e os centros de arte na implementación de modelos de accesibilidade avanzada coa incorporación da mediación especializada, o codeseño de experiencias e a formación de equipos. Trátase de consolidar unha cultura organizativa baseada na empatía, no coñecemento experto e na mellora continua.

Empower Parents é un proxecto pioneiro de mediación cultural cuxo obxectivo é abrir as portas da cultura a persoas con autismo e ás súas familias, creando espazos inclusivos onde poidan gozar de experiencias enriquecedoras en igualdade de condicións. A súa misión é garantir o acceso equitativo á cultura e promover a participación activa das familias en actividades deseñadas para as apoderar e dotar de ferramentas que faciliten que poidan gozar dos espazos culturais canda os seus fillos.

O programa **Empower Parents** caracterízase por un enfoque innovador e colaborativo. A través de encontros periódicos, as familias teñen a oportunidade de compartir experiencias, aprender estratexias e fortalecer as súas habilidades para explorar e gozar dos espazos culturais con maior seguridade e autonomía.


Ao longo dos anos, EMPOWER ampliou o seu impacto e estableceu unha rede de 15 institucións culturais comprometidas coa inclusión que chega a diferentes territorios españois: a Comunidade de Madrid, a Comunidade Valenciana, Galicia e Castela e León. Ademais, beneficiaron máis de 4700 persoas, formaron máis de 500 profesionais en boas prácticas de accesibilidade cultural e acompañaron preto de 400 familias con nenos con autismo.



Figura 0: Mapa territorial e cifras.

IMPACTO TERRITORIAL E ESCALABILIDADE DO MODELO

EMPOWER xa acompaña institucións culturais en diferentes territorios, xerando impacto real, construíndo capacidades e transformando comunidades.



MÁIS TERRITORIOS. MÁIS INSTITUCIÓNS. MÁIS PERSOAS. MÁIS IMPACTO. EMPOWER é presente e futuro.

A metodoloxía propia de Empower Parents foi validada e contrastada ao longo dos anos de experiencia no codeseño de sesións culturais xunto a nais, pais, nenos, persoal do museo e mediadoras. É unha metodoloxía que sitúa a empatía no centro e que entende a accesibilidade como un proceso relacional, non só técnico.

En 2023, esta experiencia acumulada plasmouse no libro *Empower Parents: imaginando espacios comunes*, escrito por Laura Donis e publicado pola Fundación ICO. A publicación recolle o percorrido do programa desde a súa orixe no Queens Museum ata o seu desenvolvemento no Museo ICO, e inclúe entrevistas e testemuños dos participantes, así como un primeiro achegamento práctico á metodoloxía.

Este traballo supuxo un primeiro exercicio de reflexión e sistematización da experiencia. A presente guía dá continuidade a ese proceso, afondando na metodoloxía e traducíndose en ferramentas operativas dirixidas a equipos profesionais. Trátase, por tanto, dun avance que responde ao interese de seguir desenvolvendo, clarificando e compartindo o coñecemento acumulado de forma estruturada e aplicable en distintos contextos institucionais.

Neste marco, a guía xorde dunha necesidade concreta detectada nos equipos dos museos: contar con ferramentas específicas para acompañar as persoas con autismo na súa experiencia museística. Para cubrir esta necesidade, recolle orientacións prácticas para deseñar visitas adaptadas, percorrer exposicións de forma segura e responder axeitadamente a situacións de crise ou sobrecarga sensorial.

Este documento ofrece claves avanzadas para desenvolver itinerarios accesibles, preparar o equipo e responder con rigor e humanidade ás necesidades específicas das persoas con autismo. O seu obxectivo é ir máis alá dos principios básicos e proporcionar unha intervención experta, coidada e profesional.

A guía organízase en bloques prácticos que abordan:

- Deseño de traxectos para percorridos en grupo
- Disposicións do grupo para estar fronte a unha obra
- Tempos de atención e pausas
- Casos prácticos en contextos complexos
- Protocolo ante crises
- Dinámicas de benvida e xestión de esperas
- Materiais de apoio para equipos de museos
- Glosario

Dirixida a equipos educativos, persoal de sala, mediadores culturais e responsables de accesibilidade, esta ferramenta busca converterse nun marco de referencia práctico para transformar os museos en espazos verdadeiramente accesibles.

Porque a cultura é un dereito e facelo accesible é unha responsabilidade compartida.



Contexto actual do autismo

Por definición, o autismo é unha condición do neurodesenvolvemento que se caracteriza por diferenzas na comunicación social, na interacción con outras persoas e na presenza de padróns de comportamento, intereses ou formas de procesamento sensorial particulares (APA, 2022). Non obstante, enténdese como un espectro, xa que, malia existiren algunhas características comúns, hai unha gran diversidade de perfís dentro desta condición.

As persoas con autismo poden presentar diferentes capacidades, intereses, formas de comunicación e necesidades de apoio. Esta heteroxeneidade documentouse amplamente na literatura científica e, pola súa complexidade, constitúe un dos principais retos para a súa compresión, como tamén para o deseño de apoios adecuados (Vicedo, 2023).

As persoas con autismo poden presentar necesidades de apoio diferentes ao longo da súa vida. Debido a esta diversidade dentro do espectro, establecéronse tres niveis de apoio. Estes poden ser máis intensivos (nivel 3) ou consistir en axustes e adaptacións do espazo (niveis 1 e 2). Con todo, a experiencia vital de cada persoa é distinta, polo que esta clasificación de niveis non pretende ser estática nin determinista. O obxectivo dos apoios é favorecer a autonomía, facilitar a comprensión do espazo e promover unha maior participación social das persoas con autismo (Autismo España, 2017).

Na actualidade, máis alá das definicións diagnósticas, o autismo abórdase dese o paradigma da neurodiversidade. Este enfoque recoñece a existencia de diferentes formas válidas de percibir, procesar a información e relacionarse co mundo (Rebecchi, 2025). Ademais, expón que moitas das dificultades que experimentan as persoas con autismo non proveñen unicamente das súas características individuais, senón tamén das barreiras dos espazos.

Estas barreiras poden ser sensoriais, comunicativas ou sociais, e resultan invisibles decote para quen non comparte esta experiencia. Por exemplo, os ambientes cun exceso de estímulos, as situacións pouco estruturadas ou sen anticipación e as normas implícitas difíciles de interpretar.

Diversos estudos sinalaron que as estruturas claras, a anticipación e as rutinas poden facilitar significativamente a comprensión dos espazos.

Idea clave:



Empower Parents traballa co enfoque TEACCH, que emprega a organización visual do espazo, as rutinas claras e o ensino individualizado como base para a aprendizaxe.

Neste senso, existen metodoloxías educativas estruturadas, como o enfoque TEACCH, no que se basea o traballo de **Empower Parents.** Este enfoque fundaméntase na organización visual do espazo, o uso de rutinas claras e a ensinanza individualizada. Ademais, demostrou ser eficaz para mellorar a comprensión do espazo, facilitar a comunicación mediante apoios visuais e aumentar a autonomía das persoas con autismo (Schopler, 2001). Así mesmo, diferentes recomendacións educativas destacan a utilidade de proporcionar instrucións claras, apoios visuais e espazos predicibles para favorecer a participación en distintos contextos de aprendizaxe e ocio (Moreno & O'Neal, 2000).

Dada a súa prevalencia e tendo en conta que moitas persoas con autismo atopan barreiras para acceder plenamente a actividades de ocio, educación e cultura, resulta fundamental que os espazos culturais incorporen ferramentas e adaptacións. Estas poden mellorar significativamente a experiencia cultural das persoas con autismo e das súas familias. Nos seguintes apartados desta guía presentaranse recomendacións e ferramentas prácticas para apoiar os museos e os espazos culturais neste labor.

1.

Percorridos en grupo: claves para deseñar experiencias inclusivas

Un dos aspectos clave para garantir experiencias positivas no museo é o deseño do percorrido. A maneira en que se accede á sala, a circulación polos espazos e a anticipación dos cambios constitúen elementos fundamentais para asegurar unha visita agradable para o público con autismo e as súas familias.

Para logralo, o percorrido non pode ser improvisado. É necesario considerar as seguintes accións:

- Planificar o percorrido tendo en conta os estímulos sensoriais presentes en cada sala e as zonas que poden levar á sobrecarga.
- Deseñar transicións claramente sinalizadas, en coherencia coa estrutura espacial, garantindo sempre a seguridade física e emocional dos visitantes.

Un percorrido coidadosamente deseñado favorece que os grupos se despracen con maior tranquilidade e permítelles aos equipos profesionais traballar con maior confianza e seguridade.

A continuación, preséntanse aspectos clave que se deben ter en conta no deseño de experiencias culturais accesibles.

1.1. Composición do grupo

Debido a que o traballo con persoas dentro do espectro autista require personalizar os apoios a cada participante, recoméndase conformar grupos que non superen as sete familias. Un número reducido facilita a atención individualizada, permítelles aos equipos de mediación detectar con máis facilidade signos de saturación ou sobrecarga e favorece a anticipación, xerando maior sensación de seguridade.



Roles do persoal

Para garantir percorridos seguros e agradables, é imprescindible contar cun equipo coa formación adecuada e con roles claramente definidos. Cando cada membro do equipo coñece a súa función, transmítese maior seguridade e redúcese a improvisación e os desafíos que esta ocasiona.

Neste senso, recoméndase definir previamente tres funcións:

- **Guía ou referente visual:**

  Sitúase á fronte do grupo, marca o ritmo e dirixe o percorrido. A súa función, máis alá de explicar ou mediar a visita, é converterse nunha referencia estable.

- **Apoio intermedio:**

  Observa o grupo, detecta cambios sutís e anticipa necesidades. Pode suxerir pausas antes de que aparezan signos de sobrecarga.

- **Persoa de peche:**

  Garante que ninguén quede atrás, coida as transicións e mantén a cohesión do grupo.

1.2. Estratexias de orientación

Para facilitar a orientación no espazo, resulta útil incorporar ferramentas e estratexias que van máis alá da linguaxe verbal. Recoméndase o uso de apoios visuais como sinais, rutas identificadas por cor ou pictogramas que anticipen as próximas accións.

Así mesmo, pódense incorporar elementos sonoros, como palabras clave nas transicións ou instrumentos con sons suaves (por exemplo, campaíñas), que faciliten o desprazamento autónomo. A clave no uso destas estratexias é a consistencia, xa que achegan previsibilidade e contribúen a reducir a ansiedade.



Adaptación do ritmo

Recoméndase evitar desprazamentos longos e continuos sen pausas, xa que poden xerar fatiga cognitiva e sensorial. Idealmente, cada desprazamento non debería superar os 5-7 minutos.

É fundamental planificar puntos de parada claros, zonas de descanso sinalizadas e rutas alternativas que permitan evitar imprevistos, como obras con sons intensos ou zonas escuras. Por iso, os equipos de mediación e as familias deben saber previamente onde se atopan estes espazos.

O ritmo da visita débese axustar ao grupo e ás súas necesidades. Forzar a continuidade ante sinais de saturación adoita causar maior malestar que introducir pausas a tempo.

Uso de apoios

Os apoios facilitan o traballo do equipo, acompañan as familias e melloran a experiencia no museo; o seu uso permite anticipar situacións, xestionar dificultades e reducir barreiras. Por esta razón, é recomendable ofrecerlles todos os apoios dispoñibles ás familias e aos visitantes. Algúns deles poden incluír axendas visuais, mapas simplificados do percorrido, obxectos reguladores, materiais sensoriais ou tarxetas con instrucións claras.

Algúns museos xa incorporaron algunhas destas ferramentas para facilitar a visita. Por exemplo, o Walker Art Center desenvolveu narrativas sociais dirixidas a nenos con neurodiverxencia, que lles permiten ás familias preparar a visita e comprender aspectos como a entrada ao museo, as normas do espazo o os apoios dispoñibles durante o percorrido. De xeito similar, o Museum of Modern Art (MoMA) conta con mapas sensoriais que indican zonas tranquilas, espazos con menor iluminación ou áreas de descanso, o cal facilita a planificación de percorridos adaptados ás necesidades sensoriais:

Preme ou escanea

Ademais, é importante considerar os apoios e os recursos que as familias e os grupos identificaron previamente como útiles.

2.
Disposición do grupo fronte a unha obra

O momento de observar unha obra é central nunha experiencia museística. Non obstante, para moitas persoas con autismo pode resultar ambiguo se non existe unha estrutura clara que indique o que se espera e como situarse no espazo.

As persoas con autismo adoitan precisar pautas explícitas e referencias visibles. Por iso, a disposición física do grupo é un elemento clave que inflúe directamente na regulación e na comprensión da actividade. Unha organización clara e predicible favorece a atención e reduce a incerteza.

2.1. Formación do grupo

Tal como se sinalou, os niveis de apoio poden variar significativamente entre as persoas con autismo. Dentro dun mesmo grupo poden convivir perfís diversos, con diferentes formas de comunicación, niveis de autonomía e necesidades sensoriais.

Considerando o anterior, as disposicións en semicírculo ou en forma de ferradura permiten que todas as persoas teñan acceso visual á obra sen ter a sensación de que o seu espazo persoal está sendo invadido. Estas formacións favorecen a cohesión do grupo e permiten a participación desde o seu propio ritmo e nivel de apoio.

Puntos de referencia visual

Marcar o chan con cinta adhesiva de cores ou alfombras discretas facilita a organización espacial e reduce a ansiedade asociada a non saber onde colocarse.

Atención a necesidades individuais

Non todas as persoas observan do mesmo xeito. Algunhas poden precisar maior distancia, permanecer en movemento suave ou empregar obxectos reguladores. Outras poden non mirar directamente a obra, pero si atender á explicación. Algunhas persoas, mentres escoitan, pódense centrar en elementos do espazo como a arquitectura, a iluminación ou detalles específicos. Outras poden presentar estereotipias, balanceándose, movendo as mans ou realizando pequenos movementos repetitivos como forma de autorregulación.

É importante validar estar formas de participación e entender que existen diversas maneiras de estar no espazo e de experimentar a cultura.

Situación do mediador

A persoa mediadora debe evitar situarse entre o grupo e a obra. Recoméndase unha posición lateral que permita manter o contacto visual cos participantes sen obstaculizar a visión da peza. Desde este lugar pode observar as reaccións dos participantes e asegurarse de que o contido está a comprenderse, adaptando o ritmo da explicación se é preciso ou realizando preguntas sinxelas que permitan comprobar a comprensión.

3.

Tempos de atención e pausas

O autismo está asociado a diferenzas na atención, na cognición social e na memoria de traballo. Por isto, algunhas persoas con autismo poden presentar particularidades na percepción e na xestión do tempo (Casassus M. et al., 2019). Ademais, as diferenzas no procesamento sensorial implican que a exposición prolongada a estímulos pode xerar fatiga, ansiedade ou desregulación (Rodríguez-Armendáriz et al., 2024). Por este motivo, o tempo constitúe un factor chave na planificación de actividades museísticas. Resulta fundamental traballar cun cronograma realista e flexible que permita anticipar, regular e axustar a experiencia en función das necesidades do grupo.

Tempos recomendados

A atención sostida en persoas con autismo pode varias significativamente. A nosa experiencia é que, ao observar unha obra, a atención oscila entre 3 e 7 minutos, dependendo do nivel de interese, da idade e das necesidades de apoio. Coñecermos previamente o perfil do grupo co que traballaremos permite axustar de xeito máis preciso estes tempos.

Non se recomenda forzar a permanencia ante a aparición de signos de saturación, xa que isto rara vez mellora a comprensión e, polo contrario, pode aumentar o malestar.

Signos de saturación

A identificación temperá dos signos de saturación nos participantes permite previr situacións de maior desregulación. Se ben cada persoa con autismo é diferente e presenta indicadores determinados de saturación, existen algúns sinais comúns aos que convén prestar atención.

Entre eles atópase a inquietude motriz (moverse constantemente), as vocalizacións elevadas e repetitivas (sons, frases ou palabras descontextualizadas) e a evitación da obra, do grupo ou da actividade que se leva a cabo.

Organización de pausas

A incorporación de pausas breves cada 15-20 minutos contribúe a que o percorrido resulte máis accesible e sostible. Estas pausas pódense clasificar en:

- **Activas**

  Inclúen actividades breves de movemento que favorecen a liberación de tensión corporal e a recuperación da atención. Poden consistir en estiramentos, movementos suaves, pequenos desprazamentos ou exercicios sinxelos de respiración. Tamén poden incorporarse dinámicas corporais simples ou exercicios de respiración guiada que permitan modificar temporalmente o foco de atención.

- **Pasivas**

  Son momentos de descanso nos que se reduce a estimulación e non se require participación activa. Poden implicar permanecer nun lugar tranquilo do museo, observar o espazo sen interacción directa, sentar durante uns minutos ou empregar obxectos reguladores ou materiais sensoriais que axuden á autorregulación.

Anticipación visual do tempo

O uso de cronogramas, axendas visuais ou temporizadores favorece a comprensión da duración das actividades. Coñecer o que se fará, en que orde e durante canto tempo contribúe a comprender mellor a actividade e a reducir a incerteza.

En situacións nas que unha actividade resulta incómoda, anticipar a súa duración pode producir alivio. Así mesmo, cando se trata dunha actividade pracenteira para a persoa, a anticipación axudará a xestionar a frustración que a súa finalización pode xerar.

Recoméndase o uso de reloxos visuais ou temporizadores, preferiblemente analóxicos, xa que a exposición a pantallas pode ocasionar hiperfocalización e dificultar a continuidade da actividade. Ademais, é aconsellable evitar alarmas sonoras, posto que os sons inesperados poden resultar molestos ou causar sobresaltos nalgúns participantes.

Existen tamén aplicacións específicas deseñadas para apoiar a comprensión do tempo en persoas con autismo, como algunhas desenvolvidas pola Fundación Orange, que empregan representacións visuais do paso do tempo e apoios gráficos para anticipar as actividades.

Recomendación:



A anticipación é clave para as persoas con autismo. Por iso, é importante empregar ferramentas como cronogramas ou axendas visuais para a correcta comprensión da actividade.

4.

Casos prácticos en contextos expositivos complexos

Algúns espazos museísticos contemporáneos incorporan recursos sensoriais e tecnolóxicos que poden resultar moi atractivos para o público xeral, como instalacións inmersivas con luces intensas ou cambiantes, proxeccións a grande escala, sons envolventes, música amplificada, pantallas múltiples ou efectos audiovisuais interactivos. Non obstante, estas propostas, aínda que atractivas, poden xerar confusión ou malestar nalgunhas persoas dentro do espectro autista.

Moitas persoas con autismo presentan diferenzas no procesamento sensorial, que se poden manifestar como hipersensibilidade (maior sensibilidade a estímulos como luces, sons ou aglomeracións) ou hiposensibilidade (necesidade dunha maior estimulación sensorial para percibir ou regularse). Estas características poden facer que certos espazos expositivos resulten especialmente demandantes ou difíciles de procesar.

Por tanto, nalgúns casos pode ser conveniente implementar adaptacións específicas que lles permitan ás persoas con autismo transitar estes espazos con maior previsibilidade e menor carga sensorial. O obxectivo é facilitar un percorrido da exposición sen sobresaltos e co maior grao posible de autonomía.

Exposicións inmersivas e tecnoloxía interactiva

As exposicións que incorporan pantallas táctiles, sensores de movemento ou instalacións inmersivas poden xerar hiperfoco ou, pola contra, sobrecarga inmediata.

Recoméndase explicar previamente en que consiste a experiencia, indicar claramente a súa duración e sinalar cando finaliza. Así mesmo, pode ser conveniente limitar o tempo de uso por persoa e ofrecer alternativas a quen non desexe participar.



Luces estroboscópicas

Débense evitar sempre que for posible, xa que poden ocasionar sobrecarga sensorial. No caso de que formen parte esencial da instalación, é imprescindible sinalizalas con antelación, ofrecer percorridos alternativos e dar a opción de empregar lentes de sol ou esquivar o paso polo espazo.



Escuridade ou penumbra

A ausencia de referencias visuais nestes espazos pode causar inseguridade ou angustia. Recoméndase anticipar a experiencia, permitir a entrada progresiva e ofrecer lanternas de luz suave. A permanencia neste tipo de espazos debe ser sempre ocasional.



Proxeccións e sons envolventes

Estes recursos poden provocar sobrecarga sensorial. É fundamental anticipar o contido, ofrecer auriculares con regulación de volume ou cascos de protección e permitir o acceso gradual ao espazo.



Vitrinas e escultura clásica

As normas de non tocar deben reforzarse mediante apoios visuais. As vitrinas poden xerar frustración se non se comprende o límite físico que establecen. Sinalizar estes límites mediante liñas discretas no chan pode contribuír a previr situacións de incomodidade.



Accesibilidade cognitiva

É importante acompañar o contido con explicacións verbais claras co fin de permitir a exploración por quendas e respectar o ritmo individual. Naquelas instalacións que permitan a interacción táctil, esta posibilidade debe indicarse de maneira explícita.



Salas con alta carga simbólica ou emocional

Algunhas exposicións (por exemplo, aquelas relacionadas coa memoria histórica, coa violencia ou co conflito) poden causar reaccións intensas a nivel individual ou grupal. Nestes casos, é recomendable anticipar o contido, empregar unha linguaxe concreta que evite formulacións abstractas e dar a posibilidade de omitir determinadas obras se for preciso.

Así mesmo, é importante acompañar a experiencia con espazos de regulación posteriores. Estes poden consistir en zonas tranquilas dentro do museo onde as persoas poidan sentar, reducir a estimulación sensorial, descansar ou utilizar obxectos reguladores antes de continuar coa visita. Nalgúns casos pode ser útil dispoñer de iluminación máis suave, un menor nivel de ruído ou simplemente un lugar onde permanecer uns minutos fóra do estímulo expositivo.

No caso do público adulto, é fundamental evitar a infantilización e respectar a autonomía nas súas decisións para se relacionar ou non con determinados contidos.

Idea clave:



As exposicións sensibles deben ofrecer apoios para xestionar o impacto emocional e respectar sempre a autonomía das persoas visitantes para decidir como e cando relacionarse con eses contidos.

5.

Cultura do coidado e protocolo de actuación

A pesar das medidas de anticipación, adaptación sensorial e acompañamento que se poidan implementar, en ocasións poden producirse episodios de desregulación durante a visita. Estes adoitan aparecer cando a carga sensorial, emocional ou social do espazo supera temporalmente a capacidade de procesamento ou regulación da persoa.

Un episodio de desregulación, tamén denominado conduta desafiante, non adoita ser un feito illado, senón a manifestación visible dunha sobrecarga. Diversas investigacións sinalan que moitas persoas dentro do espectro autista presentan diferenzas no procesamento sensorial que inflúen na forma en que responden aos estímulos do espazo que os rodea e no seu comportamento en contextos cotiáns (Rodríguez-Armendáriz et al., 2024).

Unha crise en sala non se debe vivir como un fracaso nin do equipo nin das familias nin da persoa con autismo. Pola contra, pódese entender como unha oportunidade para demostrar que a institución está preparada para coidar e acompañar os seus visitantes. Na busca por ser institucións culturais máis inclusivas, é fundamental asumir que non todas as crises se poden evitar, pero si é posible definir como e cando actuar no momento en que sucedan. Para isto, o protocolo debe estar escrito, compartido e ensaiado por todo o equipo.

Cultura do coidado

Antes de abordar o protocolo, é necesario falar da cultura do coidado. Desde esta perspectiva, o coidado non se concibe como unha acción puntual, senón como un principio que orienta a maneira en que se deseñan os espazos, se establecen as relacións e se responde ás necesidades das persoas.

Implica recoñecer a responsabilidade das institucións na creación de contextos nos que todas as persoas poidan participar sen medo a ser xulgadas ou excluídas pola forma

en que regulan as súas emocións, a súa atención ou a súa experiencia sensorial. Neste sentido, distintos enfoques sobre os coidados subliñan que os sistemas que non se adaptan ás necesidades reais das persoas terminan xerando exclusión, malia que o coidado é unha necesidade presente ao longo de toda a vida (Instituto de las Mujeres, 2023).

Esta perspectiva resulta especialmente relevante no caso das persoas con autismo, onde diferentes estudos destacan a importancia de adaptar tanto a comunicación como o ambiente —incluídos os espazos e a accesibilidade— para responder adecuadamente ás súas necesidades (Autismo España, 2017).

A interpretación que o equipo faga dun episodio de desregulación é chave: se se entende como unha conduta problemática, a resposta tenderá a ser correctiva. En cambio, se se comprende como unha necesidade de regulación ante un ambiente demandante, a resposta será de acompañamento e coidado.

Signos de desregulación

Antes de que unha crise se manifeste de forma intensa, adoitan aparecer sinais que indican que a persoa está tendo dificultades para procesar o que ocorre ao seu redor. Aprender a recoñecer estes signos, sendo especialmente sensibles cara a cambios sutís no corpo, o movemento ou a expresión emocional, resulta fundamental.

Entre os sinais previos a unha crise, pódense observar cambios sutís, como unha respiración máis acelerada, a mirada fixa ou evasiva ou a necesidade de fuxir ou afastarse rapidamente do grupo. Algúns signos máis evidentes adoitan ser berros, pranto, colapso físico (por exemplo, deitarse no chan) ou dificultades para se comunicar verbalmente (Autism Society, 2025).

Detectar a tempo estes indicadores permite introducir axustes, como ofrecer pausas, reducir a demanda verbal ou sensorial, modificar o percorrido ou propoñer un cambio de espazo antes de que a sobrecarga aumente.

Actuacións prioritarias

Durante un episodio de desregulación, o obxectivo principal non é continuar a actividade nin corrixir o comportamento, senón restablecer unha sensación básica de seguridade.

Nestes momentos, recoméndase utilizar unha linguaxe sinxela e calmada, reducir os estímulos do espazo (número de persoas, volume dos sons etc.) e evitar explicacións extensas ou preguntas complexas. Validar a experiencia que a persoa está vivindo contribúe a diminuír a tensión e transmite a mensaxe de que o museo é un lugar onde todas as persoas son benvidas.

Distribución de roles

Definir os roles previamente evita improvisacións que poden aumentar a confusión ou xerar unha sobreintervención, esta última potencialmente invasiva ou incómoda para as familias.

Cando o equipo sabe quen acompaña, quen sostén o grupo e quen se comunica coa familia, a intervención resulta máis clara e contida. Esta organización protexe tanto a persoa en crise como o grupo e o propio persoal do museo.

Kit de regulación

Contar cun kit sensorial ou de regulación, visible e accesible, constitúe unha medida concreta de anticipación e unha forma de comunicar o compromiso institucional co benestar dos visitantes.

Estes materiais non son solucións universais nin substitúen a intervención dos equipos, pero poden facilitar a autorregulación e ofrecer opcións en momentos de sobrecarga.

O kit pode incluír:

- unha manta de textura agradable ou de peso lixeiro que favoreza a contención corporal
- chalecos de peso
- lentes de sol ou filtros para reducir a intensidade luminosa
- tapóns auditivos ou auriculares que diminúan a sobrecarga sonora
- pictogramas con accións calmantes como respirar, saír ou esperar
- botella de auga
- un pequeno refrixerio, se a normativa do espazo o permite.

No seguinte enlace, encóntrase un kit creado de xeito colaborativo entre o IES Puerta Bonita, o Museo ICO e EMPOWER chamado MOCHILAS SENSORIAIS:

Preme ou escanea

Espazo de regulación

Recoméndase dispoñer dun espazo de regulación previamente identificado. Este débese concibir como un lugar para reducir a intensidade da estimulación, reorganizarse e recobrar a calma. Non se trata dun espazo de illamento nin de corrección de crises, senón dun recurso para recuperar a estabilidade e permitir a continuidade da visita en condicións axeitadas.

Naqueles casos en que non exista un espazo dispoñible para crear estas zonas, pódese contemplar a creación dun espazo temporal, desmontable tras o seu uso. Este débese situar nunha zona próxima e accesible ao percorrido.

É importante que brinde a posibilidade de elixir entre estar acompañado ou permanecer en solitario, e que conte, na medida do posible, con materiais que faciliten a regulación sensorial.

Planos adaptados de evacuación

As desregulacións en espazos públicos adoitan estar atravesadas por normas implícitas e expectativas sociais. En moitos casos, o temor a seren xulgadas por outros visitantes ou polo persoal do museo representa unha barreira significativa para as persoas con autismo e as súas familias.

Dispoñer de planos adaptados e de mensaxes previamente acordadas permite que tanto o equipo como as familias poidan actuar con maior calma e seguridade ante este tipo de situacións.

6.
Dinámicas de benvida e xestión das esperas

A chegada ao museo pode constituír un momento especialmente sensible para as persoas con autismo e as súas familias. A transición a un espazo novo, a presenza de estímulos diferentes, a falta de expectativas claras ou a desorientación inicial poden xerar incerteza. Neste senso, unha benvida estruturada contribúe significativamente a reducir a ansiedade inicial.

Xestión das esperas

Nunca visita museística, os tempos de espera son inevitables: acceso ao edificio, organización do grupo, cambios de sala, axustes técnicos ou retrasos imprevistos. Sen unha estrutura clara, estes momentos pódense converter en detonantes de desregulación.

Para moitas persoas con autismo, agardaren sen saberen canto durará a situación, que ocorrerá despois ou que se espera delas pode causar ansiedade e malestar. Por este motivo, propóñense estratexias que permitan transformar estes momentos en experiencias estruturadas e reguladoras:

- Dinámica *Aquí estou, aquí estás:*

  Á entrada do museo pódese dispoñer un panel con fotografías ou pictogramas do persoal do museo. Cada participante pode colocar a súa imaxe ao chegar no panel que diga: "Presentes o día de hoxe". Esta actividade reforza o sentido de pertenza co museo e o recoñecemento das persoas que poderían ver durante a visita.

- Miniaxenda visual individual:

  Recoméndase ofrecerlles ás familias unha tarxeta visual que amose os pasos da visita (por exemplo, mediante velcro ou imáns). Pódese levar pendurada ou nunha carpeta persoal. Este recurso permite anticipar o percorrido e consultar o seu desenvolvemento en calquera momento. É importante indicar claramente onde, cando e como se devolverá este material ao museo.

- **Obxecto regulador de benvida:**

  Ao inicio do percorrido, pódese ofrecer unha cesta cunha selección de obxectos reguladores (pelotas sensoriais, figuras suaves, cintas etc.) para que cada participante escolla un e o teña todo o tempo que precise durante a visita. Este recurso favorece a autonomía e achega sensación de control.

- **Benvida multisensorial:**

  Dispoñer na entrada do museo dun espazo con materiais suaves, luz cálida, libros ilustrados e obxectos manipulables permítelles ás familias esperar nun ambiente regulado mentres exploran libremente ou permanecen en calma.

- **Panel *Mentres esperamos…*:**

  Pódese crear un panel con pictogramas ou obxectos que representan actividades tranquilas e agradables. Por exemplo, ler un libro, observar un obxecto de museo, xogar cun crebacabezas, usar unha lanterna, facer pompas etc. Co apoio deste panel, os menores e as súas familias poden elixir realizar unha destas actividades. É importante que as mesmas estean dispoñibles e claramente visibles.

- **Zona de transición tranquila:**

  Recoméndase dispoñer dun espazo previamente delimitado con xergóns, coxíns ou materiais sensoriais que o identifiquen claramente como espazo de espera. Este espazo permite retirarse momentaneamente da actividade sen desconectarse do grupo.

- **Conto curto ou historia social breve:**

  Unha historia social é un recurso que explica de maneira sinxela e visual situacións sociais, comportamentos esperados e regras que normalmente non se explican de forma directa. Pódese crear un conto ou unha historia social breve para anticipar como se realizará o percorrido ou a actividade. Por exemplo, pódense dicir frases do tipo: "Hoxe veremos un cadro con moitas persoas. Algunhas están comendo, outras mirando…", ou descricións polo estilo.

- **Xogo de anticipación *Que vén agora?***

  Mediante tarxetas que representen as fases do percorrido, convídase os visitantes a elixir unha tarxeta para decidir a seguinte fase que se realizará. Esta dinámica reforza a estrutura temporal e reduce a incerteza.

  Estas estratexias resultan especialmente útiles ao inicio da visita ou durante pausas imprevistas e deben formar parte do protocolo do equipo de mediación.

7.

Materiais de apoio para equipos de museo

Contar con materiais específicos de apoio facilita o labor do equipo e contribúe a profesionalizar a intervención. Permite que a accesibilidade constitúa unha parte estrutural do funcionamento do museo.

Modelos imprimibles

O uso de modelos claros e adaptables permite sistematizar a intervención e garantir coherencia entre distintos equipos e visitas.

Recoméndase deseñar unha ficha previa á intervención con información sobre o percorrido, os posibles estímulos sensoriais identificados, a distribución de roles do equipo e o espazo para observacións individuais dos participantes. Ademais, pódese incorporar un apartado para recoller información proporcionada polas familias, como sinais habituais de desregulación ou estratexias recoñecidas por elas como eficaces.

Outros recursos útiles poden ser cronogramas visuais que representen de maneira clara as distintas etapas da visita: inicio, percorrido, pausas, actividades e peche. Adicionalmente, pódense crear tarxetas para identificar funcións do equipo (quen é o guía, quen é apoio intermedio etc.). Contar cun modelo editable facilita a súa adaptación a exposicións temporais, a distintos formatos de actividade ou cambios de equipo.

Figura 1: Cronograma visual *(Estrutura de sesión, Creación de Empower Parents)*



Recursos visuais

É recomendable contar cunha colección de pictogramas que representen accións e espazos frecuentes na visita: entrada, obra de arte, descanso, saír, falar baixo, esperar, pausa ou actividade etc. Estes pictogramas poden utilizarse en axendas visuais, sinalización ou apoios individuais. O importante é que o deseño sexa uniforme e recoñecible e se eviten cambios constantes de formato, xa que poden xerar confusión.

Figura 2: Claves de normas *(Creación de EMPOWER)*



Estes recursos forman parte dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación (SAAC), que inclúen estratexias e ferramentas destinadas a apoiar ou substituír a linguaxe oral. Dentro destes sistemas, atópanse distintos tipos de apoios, como pictogramas, imaxes reais, linguaxe bimodal ou recursos técnicos como comunicadores. Iniciativas como as desenvolvidas por ARASAAC facilitaron o acceso a bancos de pictogramas de uso libre e adaptables, amplamente empregados en contextos educativos, sociais e culturais para favorecer a compresión e a participación das persoas con autismo (Gobierno de Aragón, s. f.).

Sinalización adaptada

Algunhas zonas do museo requiren apoios específicos, como baños, salas con proxeccións, espazos con luz intensa ou áreas de descanso. Deseñar modelos de sinalización clara e visual para estes espazos facilita a orientación e anticipa posibles estímulos. Recoméndase o uso de pictogramas, textos en macrotipo, alto contraste visual e unha localización accesible da información. Diversos manuais de accesibilidade destacan a importancia de que a sinalización sexa comprensible, coherente e identificable facilmente (Ayuntamiento de Santa Cruz de Tenerife, 2021; Ibermuseos, 2023).

Neste senso, algúns museos xa incorporaron boas prácticas na sinalización accesible. Por exemplo, Vilamuseu conta con sistemas de sinalización que combinan texto en macrotipo, alto contraste e pictogramas para indicar accesos, percorridos e servizos. Así mesmo, en contextos patrimoniais como os xacementos arqueolóxicos de Villajoyosa, desenvolvéronse paneis accesibles que incorporan recursos visuais claros e estruturados para favorecer a comprensión do contido. Estas solucións non só benefician as persoas con autismo, senón que melloran a comprensión xeral do espazo para todos os públicos.

Fichas específicas

Recoméndase desenvolver fichas adaptadas a distintos tipos de exposición (arte clásico, contemporáneo, etnografía, ciencias naturais etc.) que inclúan posibles riscos sensoriais, suxestións de linguaxe e apoios recomendados.

Checklist de preparación

Elaborar listas de verificación, tanto para exposicións permanentes como temporais, permítelles aos equipos asegurar que se revisaron os espazos previamente, que existe unha ruta definida, que se identificaron estímulos potenciais e que os roles están asignados.


Este recurso tamén pode compartirse coas familias para facilitar a anticipación e a xestión autónoma da visita.

Mellora continua

A avaliación é un elemento clave na mellora da práctica. Por este motivo, o uso de ferramentas como modelos de observación e rexistro permite recoller información sobre a participación e as reaccións, tanto das familias como do equipo. Estes rexistros permiten identificar áreas de mellora e axustar as propostas. Así mesmo, posibilitan analizar a adecuación dos tempos, os contidos e as dinámicas, facilitando a toma de decisións para futuras visitas.

Estes materiais están deseñados para que cada museo poida adaptalos ás súas propias condicións, contando co acompañamento de profesionais especializados en accesibilidade cognitiva.

Figura 3: Avaliación a menores



Ademais, neste proceso, resulta fundamental incorporar a voz dos propios públicos. Tal como propón Nina Simoon (2010), a participación activa dos visitantes contribúe a xerar experiencias culturais máis relevantes e significativas. Escoitar, observar e recoller estas experiencias permite que as institucións evolucionen cara a modelos máis abertos, onde os públicos non son unicamente receptores, senón axentes activos na construción da experiencia museística.

Deste modo, a avaliación continua e a participación convértense en ferramentas clave para o desenvolvemento de programas culturais máis accesibles, flexibles e centrados nas persoas.

8.

Glosario básico de termos

- **Accesibilidade cognitiva:**

  Conxunto de medidas que facilitan a comprensión do espazo, as mensaxes e as normas a través de información clara, directa e adaptada.

- **Anticipación:**

  Estratexia utilizada para reducir a ansiedade ante o descoñecido, proporcionando información previa sobre o que vai suceder.

- **Autismo:**

  Condición do neurodesenvolvemento que afecta a comunicación, a interacción social, o procesamento sensorial, a flexibilidade do pensamento e o comportamento. É un espectro con diversas formas de manifestarse.

- **Hiperfoco:**

  Estado de concentración intensa no que unha persoa se encontra completamente absorbida por unha tarefa e ignora o que a rodea e o paso do tempo.

- **Sobrecarga:**

  Situación na que os estímulos sensoriais como ruídos, luces ou texturas superan a capacidade do individuo de procesalas, o cal pode levar a unha variedade de respostas físicas e emocionais, como ansiedade, irritabilidade e a necesidade de illamento.

- **Respostas desafiantes:**

  Episodio de desregulación emocional ou sensorial que pode expresarse mediante berros, pranto, agresividade ou bloqueo, como resposta a un ambiente percibido como ameazante ou agoniante.

- **Desregulación:**

  Estado temporal de perda de control emocional, cognitivo ou sensorial que impide manter a calma ou a participación.

- **Espazo de regulación:**

  Lugar tranquilo, seguro e predicible onde unha persoa pode recuperar a calma e a estabilidade emocional tras unha situación de sobrecarga.

- **Estereotipia:**

  Movementos repetitivos, involuntarios e coordinados que se realizan sempre da mesma maneira. Aínda que pareza que non teñen ningunha función, moitas veces existen como forma de regularse.

- **Interacción estruturada:**

  Acompañamento baseado en rutinas claras, uso de apoios visuais e espazos predicibles.

- **Kit sensorial:**

  Conxunto de materiais que facilitan a autorregulación.

- **Mediación inclusiva:**

  Forma de comunicación e acompañamento que ten en conta a diversidade de formas de aprender, sentir e percibir o mundo.

- **Sinalización adaptada:**

  Sistema de orientación visual comprensible para anticipar ou explicar o que ocorre nun espazo.

Conclusión

Esta guía é o resultado dun proceso de traballo colaborativo entre profesionais da accesibilidade, da mediación cultural e, de xeito fundamental, as propias persoas con autismo e as súas familias. As súas experiencias, aprendizaxes e achegas foron esenciais para construír un documento rigoroso, aplicable e centrado en necesidades reais.

Trátase dunha guía exhaustiva nos seus contidos, pero, ao mesmo tempo, flexible na súa aplicación. Non constitúe un manual cerrado nin un protocolo inamovible, senón unha ferramenta viva. Unha base metodolóxica sólida que pode e debe adaptarse aos distintos contextos institucionais, aos recursos dispoñibles e, sobre todo, ás necesidades concretas de cada persoa. A accesibilidade real esixe capacidade de axuste, escoita e revisión continua.

Esta guía propón avanzar cara a espazos culturais accesibles, non só desde a arquitectura, senón tamén desde o relacional, o emocional e o sensorial. Supón incorporar unha mirada profesional que integra planificación, anticipación e coidado como eixos centrais da práctica. Formarse, preparar os espazos, coordinar equipos e actuar con empatía non son accións complementarias: son a base para construír experiencias culturais verdadeiramente accesibles.

O reto non é unicamente adaptar actividades, senón transformar a forma en que se concibe a acollida e a mediación cultural. Cando os equipos contan con ferramentas adecuadas e unha metodoloxía clara, os museos convértense en espazos onde todas as persoas poden encontrar o seu lugar, recoñecerse e participar activamente na vida cultural.

É nese traballo colaborativo onde a metodoloxía atopa o seu verdadeiro sentido. As familias son as que posúen o coñecemento máis profundo sobre os seus fillos e as súas fillas; o rol desde a mediación é acompañar, orientar e facilitar procesos que sempre resultan máis enriquecedores en comunidade.

Referencias e fontes

- American Psychiatric Association. (2022).

  Diagnostic and statistical manual of mental disorders (5th ed., text rev.). American Psychiatric Publishing.

  https://doi.org/10.1176/appi.books.9780890425787

- Autism Society. (2025).

  Autistic meltdowns and shutdowns: An inclusive guide for healthcare professionals. Autism Society.

- Autismo España. (2017).

  Calidad de vida y trastorno del espectro del autismo. Confederación Autismo España.

- Ayuntamiento de Santa Cruz de Tenerife. (2021).

  Manual de señalización accesible.

  https://www.santacruzdetenerife.es/web/fileadmin/user_upload/web/Servicios_Municipales/Accesibilidad/MANUAL_SEÑALIZACION_ACCESIBLE_nov2021.pdf

- Casassus, M., Poliakoff, E., Gowen, E., Poole, D., & Jones, L. A. (2019).

  Time perception and autistic spectrum condition: A systematic review. Autism Research, 12(10), 1440-1462.

  https://doi.org/10.1002/aur.2170

- Federación Autismo Madrid. (2024).

  Guía informativa sobre el trastorno del espectro del autismo y sus recursos en la Comunidad de Madrid.

  https://autismomadrid.es/wp-content/uploads/2024/12/Guia_recursos_Autismo_Madrid_Interactiva_compressed.pdf

- Fundación Orange. (s. f.).

  Soluciones tecnológicas para personas con autismo.

  https://www.fundacionorange.es

- Gobierno de Aragón. (s. f.). ARASAAC:

  Centro Aragonés para la Comunicación Aumentativa y Alternativa.

  https://arasaac.org

- Grey, I., Healy, O., Leader, G., & Hayes, D. (2009).

  Using a Time Timer™ to increase appropriate waiting behavior in a child with developmental disabilities. Research in Developmental Disabilities, 30(2), 359–366.

  https://doi.org/10.1016/j.ridd.2008.07.001

- Ibermuseos. (2023).

  Manual de sistema de pictogramas accesible.

  https://www.ibermuseos.org/wp-content/uploads/2023/10/manual-sistema-de-pictogramas-accesible-final-26-10-23.pdf

- Instituto de las Mujeres. (2023).

  Cuidados (n.º 2). Ministerio de Igualdad.

- Instituto Nacional de Estadística. (2024).

  Cifras de población de España.

  https://www.ine.es

- Museum of Modern Art. (s. f.).

  A visit to the Museum of Modern Art: A social guide.

- Museum of Modern Art. (s. f.).

  Sensory map.

- Rebecchi, K. (2025).

  Beyond "autism spectrum disorder": Toward a redefinition of the conceptual foundations of autism. AIMS Medical Science, 12(2), 193–209.

  https://www.aimspress.com/article/id/683426d8ba35de73352053641

- Rodríguez-Armendáriz, E., Vela-Romero, M., & Galiana, A. (2024).

  Sensory processing challenges in children with neurodevelopmental disorders and genetic conditions: An observational study. NeuroSci, 5, 339–353.

  https://doi.org/10.3390/neurosci5030027

- Schopler, E., Mesibov, G. B., & Hearsey, K. (1995).

  Structured teaching in the TEACCH system. In E. Schopler & G. B. Mesibov (Eds.), Learning and cognition in autism (pp. 243–268). Springer.

- Simon, N. (2010).

  The participatory museum. Museum 2.0.

- Vicedo, M. (2023).

  Autism's heterogeneity in historical perspective: From challenge to opportunity. Frontiers in Psychology, 14, 1188053.

  https://doi.org/10.3389/fpsyg.2023.1188053

- Vilamuseu. (s. f.).

  Vilamuseu.

  https://vilamuseu.es

- Walker Art Center. (2021).

  A social narrative for visiting the Walker Art Center.

- Zeidan, J., Fombonne, E., Scorah, J., Ibrahim, A., Durkin, M. S., Saxena, S., Yusuf, A., Shih, A., & Elsabbagh, M. (2022).

  Global prevalence of autism: A systematic review update. Autism Research, 15(5), 778–790.

  https://doi.org/10.1002/aur.2696


EM
POW
ER